Funcións en Procedementos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual un vídeo explicativo no que se fai unha demostración de:               <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Creación de procedementos en funcións con PL/SQL.</li> <li>b) Utilización de parámetros IN, OUT e IN OUT.</li> <li>c) Uso das función predefinidas que proporciona a linguaxe PL/SQL.</li> <li>d) Captura e tratamento de excepcións no bloque EXCEPTIONS.</li> <li>e) Creación de paquetes.</li> </ol> </li> <li>• Publicar na aula virtual exercicios consistentes na creación de funcións en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios de captura e tratamento de excepcións</li> <li>• Realización dos exercicios de creación de funcións e procedementos</li> <li>• Realización dos exercicios de utilización de funcións predefinidas de PL/SQL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Código PL/SQL resultante da realización dos exercicios de captura e tratamento de excepcións</li> <li>• Código PL/SQL resultante da realización dos exercicios de creación de funcións e procedementos</li> <li>• Código PL/SQL resultante da realización dos exercicios de utilización de funcións predefinidas de PL/SQL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na unidade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.4 - Cuestionario e código PL/SQL</li> <li>• PE.5 - Cuestionario e procedementos codificados en PL/SQL</li> <li>• PE.6 - Cuestionario e procedementos que usan parámetros codificados en PL/SQL</li> <li>• PE.7 - Cuestionario e procedementos codificados en PL/SQL</li> <li>• PE.8 - Cuestionario e código PL/SQL que utiliza as función proporcionadas polo SXBD</li> <li>• PE.9 - Cuestionario e funcións codificadas en PL/SQL</li> </ul>	10,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	procedementos con PL/SQL <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual exercicios nos que se pide utilizar o bloque EXCEPTION para capturar e tratamento das excepcións.</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>					
Disparadores	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual un video explicativo no que se fai unha demostración da creación e funcionamento de disparadores con PL/SQL.</li> <li>• Publicar na aula virtual exercicios nos que se require a creación de disparadores e a comprobación do seu funcionamento.</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios de creación de disparadores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Código PL/SQL resultante da realización dos exercicios de creación de disparadores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.10 - Cuestionario e disparadores codificados en PL/SQL</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>36,0</b>

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Tarefas de administración de bases de datos	15



**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Analiza e executa tarefas básicas de administración de bases de datos aplicando mecanismos de salvagarda e transferencia.	SI

**4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar ferramentas para a administración de copias de seguridade. 1.2 Realizar e restaurar copias de seguridade	1	Copias seguridade	3,0
2.1 Identificar as ferramentas para vincular, importar e exportar datos. 2.2 Exportar datos a diversos formatos. 2.3 Importar datos con distintos formatos 2.4 Transferir información entre sistemas xestores.	2	Vincular, importar e exportar datos	3,0
3.1 Xestionar usuarios e os seus privilexios. 3.2 Utilizar asistentes, ferramentas gráficas e a linguaxe de control de datos para a xestión de usuarios.	3	Xestión de usuarios	6,0
4.1 Creación de índices	4	Índices	3,0
<b>TOTAL</b>			<b>15</b>

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA8.1 Identificáronse ferramentas para a administración de copias de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionario e scripts de creación de copias de seguridade.</li> </ul>	N	10
CA8.2 Realizáronse e restauráronse copias de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Cuestionario e scripts de restauración de copias de seguridade.</li> </ul>	N	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA8.3 Identifícaronse as ferramentas para vincular, importar e exportar datos.	• PE.3 - Cuestionario e scripts de exportación, importación e vinculación de datos.	N	5
CA8.4 Exportáronse datos a diversos formatos.	• PE.4 - Cuestionario e scripts de exportación de datos.	S	10
CA8.5 Importáronse datos con distintos formatos.	• PE.5 - Cuestionario e scripts de importación de datos.	S	10
CA8.6 Transferiuse información entre sistemas xestores.	• PE.6 - Cuestionario e scripts de transferencia de información entre SXBD	N	5
CA8.7 Xestionáronse os usuarios e os seus privilexios.	• PE.7 - Cuestionario e scripts SQL de xestión de usuarios, permisos e roles	S	10
CA8.8 Créanse índices para mellorar o funcionamento da base de datos.	• PE.8 - Cuestionario e scripts SQL de uso de índices.	S	15
CA8.9 Utilizáronse asistentes, ferramentas gráficas e a linguaxe de control de datos.	• PE.9 - Cuestionario e scripts SQL con instrucións de DCL.	S	15
CA8.10 Interpretouse a documentación técnica do SXBD nos idiomas máis empregados pola industria.	• PE.10 - Cuestionario	N	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.8.e) Contidos**

Contidos
<p>Copias de seguridade: tipos; planificación.</p> <p>Índices.</p> <p>Ferramentas achegadas polo sistema xestor para a realización e a recuperación de copias de seguridade.</p> <p>Ferramentas para vinculación, importación e exportación de datos.</p> <p>Ferramentas de verificación de integridade da base de datos.</p> <p>Transferencia de datos entre sistemas xestores.</p> <p>Creación e eliminación de usuarios.</p> <p>Tipos de dereitos.</p> <p>Asignación e desasignación de dereitos a usuarios.</p>

Contidos
Linguaxe DCL.

**4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Copias seguridade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar acceso ao alumnado aos contidos teóricos (apuntes) da UD8 na aula virtual.</li> <li>• Publicar na aula virtual o guión dunha práctica consistente en exercicios de realización de copias de seguridade</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización da práctica de copias de seguridade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Copias de seguridade realizadas durante a práctica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos teóricos e exercicios publicados na aula virtual.</li> <li>• Máquina virtual con Oracle 21c (XE) instalado. Software SQL Developer e SQL*Plus.</li> <li>• Respostas en formato audio/video para aclaración de dúbidas de difícil resposta por escrito</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Cuestionario e scripts de creación de copias de seguridade.</li> <li>• PE.2 - Cuestionario e scripts de restauración de copias de seguridade.</li> <li>• PE.10 - Cuestionario</li> </ul>	3,0
Vincular, importar e exportar datos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual o guión dunha práctica consistente en exercicios sobre as ferramentas de vinculación, importación e exportación de datos</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización da práctica sobre as ferramentas de vinculación, importación e exportación de datos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer o manexo das ferramentas do SXBD para a importación e exportación de datos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.3 - Cuestionario e scripts de exportación, importación e vinculación de datos.</li> <li>• PE.4 - Cuestionario e scripts de exportación de datos.</li> <li>• PE.5 - Cuestionario e scripts de importación de datos.</li> <li>• PE.6 - Cuestionario e scripts de transferencia de información entre SXBD</li> </ul>	3,0
Xestión de usuarios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación na aula virtual de exercicios consistentes na creación/eliminación/modific</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios propostos de creación de usuarios e asignación de privilexios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento das utilidades necesarias para levar a cabo a creación de usuarios e a xestión dos seus permisos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.7 - Cuestionario e scripts SQL de xestión de usuarios, permisos e roles</li> </ul>	6,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	acción de usuarios, e asignación e denegación de privilexios <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>				<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.9 - Cuestionario e scripts SQL con instrucións de DCL.</li> </ul>	
Índices	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación na aula virtual do guión dunha práctica consistente en diferentes supostos que requiren a creación de índices. Análise do plan de execución de certas consultas e comprobación da mellora no tempo de execución das mesmas.</li> <li>• Atención ás dúbidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización a da práctica de utilización de índices</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Memoria da práctica de creación de índices</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmo que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.8 - Cuestionario e scripts SQL de uso de índices.</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>15,0</b>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Uso de bases de datos obxecto-relacionais.	15

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Xestión a información almacenada en bases de datos obxecto-relacionais, para o que utiliza e avalía as posibilidades que proporciona o sistema xestor.	SI

**4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Crear tipos de datos obxecto	1	Bases de datos obxecto-relacionais	6,0
1.2 Definir atributos e métodos			
1.3 Crear táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto			
2.1 Crear tipos de datos colección	2	Tipos de dato colección	3,0
3.1 Realizar consultas	3	Consultas	3,0
4.1 Efectuar modificacións mantendo a integridade e consistencia dos datos	4	Modificacións	3,0
<b>TOTAL</b>			<b>15</b>

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA9.1 Identifícanse as características das bases de datos obxecto-relacionais.	• PE.1 - Cuestionario sobre características das bases de datos obxecto-relacionais	S	15
CA9.2 Créanse tipos de datos obxecto, os seus atributos e os seus métodos.	• PE.2 - Cuestionario e código PL/SQL de creación de tipos de datos obxecto	S	20
CA9.3 Créanse táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto.	• PE.3 - Cuestionario e código PL/SQL de creación de táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto	S	20
CA9.4 Créanse tipos de datos colección.	• PE.4 - Cuestionario e código PL/SQL de creación de tipos de datos colección	N	15
CA9.5 Realizáronse consultas.	• PE.5 - Cuestionario e código PL/SQL que realiza consultas a táboas de BBDD obxecto-relacionais	S	15
CA9.6 Modificouse a información almacenada mantendo a integridade e a consistencia dos datos.	• PE.6 - Cuestionario código PL/SQL que modifica o contido de táboas de BBDD obxecto-relacionais	S	15
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Características das bases de datos obxecto-relacionais.
0Tipos de datos colección
Declaración e iniciación de obxectos.
Uso da sentenza SELECT.
Navegación a través de referencias.
Chamadas a métodos.
Inserción, modificación e borrado de obxectos.
Tipos de datos obxecto.
Atributos e métodos.
Sobrecarga.
Constructores.
Definición de tipos de obxecto.
Definición de métodos.
Herdanza.
Identificadores e referencias.

**4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Bases de datos obxecto-relacionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar acceso ao alumnado aos contidos teóricos (apuntes) da UD9 na aula virtual.</li> <li>• Publicar na aula virtual exercicios consistentes en utilizar sentenzas da linguaxe PL/SQL de Oracle para: a) creación de tipos de obxecto. b)Definición de métodos. c)Uso da sobrecarga de métodos. d) Definir constructores e sobrecargalos. e)Declarar e iniciar instancias de obxectos. f) Realizar chamadas a métodos. g) Utilización dos métodos MAP e ORDER. h) Creación de táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto.</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dubidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios propostos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Código PL/SQL resultante da resolución dos exercicios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contidos teóricos e exercicios publicados na aula virtual.</li> <li>• Máquina virtual con Oracle 21c (XE) instalado. Software SQL Developer.</li> <li>• Respostas en formato audio/video para aclaración de dúbidas de difícil resposta por escrito</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.1 - Cuestionario sobre características das bases de datos obxecto-relacionais</li> <li>• PE.2 - Cuestionario e código PL/SQLde creación de tipos de datos obxecto</li> <li>• PE.3 - Cuestionario e código PL/SQL de creación de táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto</li> </ul>	6,0
Tipos de dato colección	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación na aula virtual de exercicios nos que, mediante a linguaxe PL/SQL, se require a creación de coleccións de tipo VARRAY, NESTED TABLE e ARRAYS ASOCIATIVOS sobre os que se realizarán operacións de inserción, borrado, actualización e consulta dos elementos destes tipos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios propostos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Código PL/SQL creado polo alumno para a resolución dos exercicios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.4 - Cuestionario e código PL/SQL de creación de tipos de datos colección</li> </ul>	3,0

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	dato colección  <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos</li> <li>• Atención ás dubidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>					
Consultas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual exercicios consistentes na utilización da sentenza SELECT para consultar táboas de obxectos e táboas con columnas tipo obxecto.</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dubidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios de consulta propostos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sentenzas SELECT producidas polo alumnado para a realización dos exercicios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.5 - Cuestionario e código PL/SQL que realiza consultas a táboas de BBDD obxecto-relacionais</li> </ul>	3,0
Modificacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicar na aula virtual exercicios consistentes na utilización das sentenzas INSERT, UPDATE e DELETE para modificar o contido de táboas de obxectos e táboas con columnas tipo obxecto.</li> <li>• Publicar na aula virtual as solución dos exercicios propostos.</li> <li>• Atención ás dubidas que poidan xurdir a través dos foros da plataforma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización dos exercicios propostos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sentenzas INSERT, UPDATE e DELETE producidas polo alumnado para a realización dos exercicios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os mesmos que na actividade 1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.6 - Cuestionario código PL/SQL que modifica o contido de táboas de BBDD obxecto-relacionais</li> </ul>	3,0
<b>TOTAL</b>						<b>15,0</b>



## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles xa quedan indicados segundo os criterios de avaliación de cada unidade didáctica, polo que non se volverán a repetir aquí.

Para aprobar é preciso acadar cada un deses mínimos exixibles.

Realizaranse 3 probas teórico-prácticas de avaliación ao longo do curso (unha cada trimestre).

Para cada unha das 3 probas emitirase unha nota do 1 ao 10.

Cada unha destas probas será presencial.

As tarefas propostas por cada unidade de traballo son moi recomendables, pero non obrigatorias nin puntúan para nota.

### NOTA DE CADA AVALIACIÓN

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta o resultado da proba teórico-práctica realizada no trimestre que consistirá nunha proba individual acerca dos contidos traballados nunha ou varias unidades didácticas. A proba poderá conter preguntas teóricas tipo test, respostas curtas ou de desenvolvemento, así como esixir a resolución de exercicios e supostos prácticos, podendo ser realizados en papel ou no ordenador.

O resultado desta proba suporá o 100% da nota da avaliación.

### NOTA FINAL DO CURSO

Se as notas de todas as avaliacións son de polo menos 5, a nota final obterase como media das avaliacións, tendo en conta o peso das unidades didácticas incluídas en cada unha das avaliacións. En caso de ter unha avaliación con nota inferior a 5, o alumno ou alumna deberá realizar unha proba final no mes de xuño cos contidos correspondentes a dita avaliación.

Para superar o módulo é preciso obter unha nota final igual ou superior a 5.

### AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Os alumnos que non consigan durante curso a nota requirida dun 5, terán que superar unha proba final, en avaliación extraordinaria de xuño que será calificada de 1 a 10 na que deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para superar o módulo. Esta proba poderá dividirse en tres partes correspondentes a cada avaliación.

O alumno terá a súa disposición para a súa revisión co profesor no centro tódolos exames que realice presencialmente e a corrección online dos telemáticos.

No enunciado do exame figurarán instrucións para a realización do exame e o valor das preguntas.

Si se comproba que o alumnado copiou parcialmente ou totalmente a puntuación será 0 puntos.

Un mal uso do material posto a disposición do alumnado pode implicar medidas disciplinarias.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para os alumnos que non superasen todas as unidades do módulo antes da avaliación final ordinaria do mesmo e non perdesen o dereito á avaliación continua, programaranse actividades de recuperación orientadas a facilitar que o alumno poida alcanzar os obxectivos do módulo. Estas actividades abarcarán todas as unidades do módulo, centrándose especialmente naquelas de carácter máis práctico, e poderán consistir na realización de actividades na clase, na realización de traballos ou exercicios na casa, na resolución de exercicios en papel ou no ordenador que serán corrixidos polo profesor, ou a resolución de dúbidas nas horas de titorías.

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación, xa que ao final do curso realizarase unha proba de recuperación. Esta proba realizarase por avaliacións, e cada alumno só terá que presentarse ás avaliacións suspensas. Para cada unha destas avaliacións, a proba pode ser escrita ou práctica, e a cualificación realizarase do mesmo xeito que a cualificación da avaliación ordinaria. De cara á recuperación das tarefas non entregadas durante o curso, establecerase unha nova data de entrega, se ben as tarefas deberán levarse a cabo de forma autónoma polo alumno.

O alumnado de segundo ano que teña este módulo pendente terán a opción de aprobar o módulo presentándose aos exames finais de xuño e alcanzando os obxectivos mínimos do módulo. Facilitarase a súa aprendizaxe de forma autónoma de varias maneiras:

- A través da aula virtual se lles propondrán tarefas de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma.
- Durante o curso poderán presentarse aos exames, pero non se conservará a nota.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En caso de perder o dereito a avaliación continua por ter superado o límite do 10% de faltas sen xustificar, o alumno poderá realizar a proba final do mesmo xeito que o resto de alumnos, pero ademais de examinarse das avaliacións que tivese suspensas tería que examinarse de todas aquelas das que non se tivese avaliado logo da perda do dereito

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na avaliación da propia práctica docente terase en conta o seguimento da programación, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, facer unha xustificación razoada dos motivos.

1. Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.
2. Ao final de cada trimestre realizarase unha sesión de avaliación (ben co grupo clase completo ou ben co delegado) para detallar os aspectos que o grupo clase considera máis destacados.
3. Durante todo o curso iranse actualizando na aplicación aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de presentación e avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Coa denominación de necesidades educativas específicas se presta especial atención aos alumnos estranxeiros, aos alumnos superdotados intelctualmente e aos alumnos con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos, establecendo un marco xeral que permita ás Administracións educativas garantir, en tódolos casos, unha adecuada resposta educativa ás circunstancias e necesidades que nestes alumnos concorren.

Có fin de asegura-lo dereito individual a unha educación de calidade, os poderes públicos desenvolverán as accións necesarias e aportarán os recursos e os apoios precisos que permitan compensar os efectos de situacións de desvantaxe social para o logro dos obxectivos de educación e de formación previstos.

Recursos e medidas:

- En primeiro lugar, as Administracións educativas deben adoptar procedementos singulares naqueles centros escolares nos cales, resulte necesaria unha intervención educativa diferenciada, aportando os recursos materiais e de profesorado necesarios e proporcionarse o apoio técnico e humano preciso para o logro da compensación educativa.
- En segundo lugar, o departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado do centro. Para isto contará cun equipo de profesionais cualificados e estará en contacto cós profesores tutores e cós pais.
- Por último, cada profesor terá en conta as necesidades educativas específicas ou, simplemente, dificultades de aprendizaxe que algún alumno do seu grupo poida ter elaborando unha programación flexible e aberta que favoreza os cambios que o profesor debe introducir para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

¿ Como ferramenta de axuda para acadar esta atención individual empregárase o Moodle, pois permite prantexar e corrixir tarefas dun xeito persoal.

Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

- Fomento do traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Se este clima se produce, o profesor dispón de máis tempo para identificar aos alumnos que precisan axuda e proporcionar a atención especial máis conveniente en cada caso.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo en grupos pequenos.
- Como medidas individuais, para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

Cós alumnos superdotados intelectualmente, para que as actividades non resulten desmotivadoras, será maior o grao de esixencia nos aspectos científicos e de deseño dos contidos. Ademais unha vez satisfeitos os obxectivos básicos, se proporán actividades complementarias que estimulen a súa creatividade e autonomía.

Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran, nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, e en particular no que se refire á avaliación, determinados apoios e atencións educativas, específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta, terán unha atención especializada, con acordo ós principios de non discriminación e normalización educativa.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O profesor ademais de instructor e transmisor de coñecementos técnicos é ademais educador e debe colaborar na formación integral do alumno. Por eso trataráanse de introducir en cada unidade os contidos transversais en paralelo cos contidos teóricos. Os posibles temas transver- sais son:

En primeiro lugar, en cada actividade inclúense precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias. O manexo do ordenador entraña riscos, principalmente para a vista e para as costas, sen esquecer os riscos psicolóxicos derivados do seu abuso. Ademais ao alumno váiselle valorar a organización do seu posto de traballo e das actividades que realiza.

Outro tema que se trata é o idioma técnico. Moitos dos manuais técnicos están dispoñibles exclusivamente en inglés polo que é preciso que o alumno posúa uns coñecementos básicos deste idioma, polo menos a nivel de tradución. Dada a importancia que este idioma ten nos procesos de selección de técnicos cualificados no mundo laboral potenciarase o seu coñecemento e a súa práctica .

Unha vez que a tecnoloxía está en condicións de posibilita-la substitución do escravo polas máquinas, mellorando o nivel de vida do ser huma- no e favorecendo a súa autoestima, contribuirá ó seu benestar que empeza por dispoñer dun entorno limpo e non agresivo.

Educación para o consumidor: comercio electrónico, aprendizaxe para a toma de decisións, esixir unha documentación correcta e adecuada ás empresas suministradoras, actualizacións de software online, hai

diversidade de empresas comerciais e diversidade de productos.

Educación moral e cívica: respeto polas leis de ordenación; tomas de medidas de seguridade fronte a intrusos, piratas, hackers; utilización de bases de datos públicas

Educación para a Paz e a convivencia: traballo cooperativo, acordos para a utilización dos mesmos protocolos en toda a comunidade internacional.

Educación para o traballo: colaboración de varias persoas para a realización dun único traballo, técnicas de intercambio de información corporativo, técnicas de traballo en grupo.

A estos temas é ós que se lles denominou Temas transversais e, han de estar presentes nas programacións que realiza o profesorado, polo valor importante que teñen tanto para o desenvolvemento persoal e integral do alumnado, como para un proxecto de sociedade máis libre e pacífica, respetuosa hacia as persoas e tamén hacia a propia natureza.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos poderán participar nas visitas a empresas, feiras do ensino, charlas ou talleres que se programen no Departamento de Informática ao longo do curso.

Tamén se promoverá entre o alumnado a participación en actividades promovidas polo centro educativo: asistencia a eventos culturais, eventos deportivos, grupos de teatro, celebración do día da Paz, semana das Letras Galegas, etc... así como outras actividades especialmente deseñadas polo departamento de orientación.